

## INSTRUCCIÓN S

Utilizar un impreso para cada modificación. O impreso deberá ser cuberto polo centro en todos os seus apartados, en especial os referentes ó **código da ruta** e as **coordenadas xeográficas** da parada nova. As solicitudes con datos incompletos non poderán ser tramitadas.

**SOLICITANTE:** A persoa directora do centro escolar ou o concello. (Casos nos que o concello propoña un cambio de localización por perigosidade ou derivada da aplicación da normativa municipal.)

### DATOS DA EMPRESA DE TRANSPORTE:

**CÓDIGO DE RUTA:** Atopará este dato na aplicación informática Transporte Escolar. O formato adoita ser: "ED15\_\_\_\_"

### DATOS ESPECÍFICOS DA MODIFICACIÓN

Sinalar segundo proceda:

#### A) Parada EN RUTA (sen desvío):

Aquela que se realiza sen desviar o vehículo do seu percorrido actual.

#### B) Novo Ramal:

Enténdese como ramal aquel traxecto de ida e volta, polo mesmo camiño, engadido ao itinerario principal. Considéranse tamén incluídos neste suposto as prolongacións ao final das rutas.

#### C) Variante:

Aquela modificación da ruta na que o vehículo se incorpora ao itinerario principal noutro punto distinto onde se apartou, implicando a supresión dunha parte do traxecto antigo.

#### D) Cambio de LOCALIZACIÓN:

Precisase unha nova localización para unha parada xa existente. Trátase dun novo emprazamento ( non é unha nova parada) que substituirá ó emprazamento anterior.

### PARADA EN ZONA DE INFLUENCIA:

**Revise que se trata dunha zona en área de influencia.**

**Sinalar de forma clara no caso de que non corresponda a área de escolarización.**

*Recordamos que segundo as Instrucións anuais da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar , con carácter xeral, non se autorizarán desviacións nos*

itinerarios de transporte escolar nin introdución de novas paradas en distancias inferiores a 2 quilómetros **nin fóra da área de influencia do centro escolar.**

**PERSOAS BENEFICIARIAS:** Unicamente poden solicitar o establecemento de novas paradas ou modificación de itinerarios aquelas persoas **usuarias lexítimas** do servizo.

Neste sentido será usuario lexítimo do transporte escolar gratuíto as persoas cuxo domicilio se atope a unha distancia **superior a 2 quilómetros** do centro escolar calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.

Para poder ser usuarios lexítimo do servizo as persoas alumnas deberán estar escolarizadas no centro que lle corresponda segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia.

No caso de contar cun ditame de escolarización forzosa emitido pola administración educativa a administración valorarase **excepcionalmente** ampliar provisionalmente a ruta afectada se os tempos permiten a realización do servizo ou entregar axuda compensatoria. (Debe aportarse o ditame ou unha certificación do carácter forzoso da escolarización).

#### ITINERARIO AFECTADO

A orde das paradas indicaranse en dirección saída do centro escolar. As paradas **deberán ser presentadas obrigatoriamente cos datos de xeolocalización correspondentes.** As coordenadas xeográficas indícanse en formato dixital. (Exemplo: Lonxitude: -8,407554 Latitude: 43,249685)

#### OBSERVACIÓNS:

Sinalar as dificultades especiais do camiño a pé dos escolares, indicando, no caso de existir, a natureza das mesmas. Tamén pode deixar en observacións o enlace ó google da ubicación da parada ou calquera outra información que resulte de utilidade para valorar o expediente.